

¿COMO CHEGAR?



Situado na parroquia de O Val, no concello de Narón, este punto xeográfico contén un elevado número de lugares de interese etnográfico e histórico, tales como castros, igrexas, casas medievals ou monumentos megalíticos, toda unha riqueza cultural e de patrimonio.

FERROL-ORTEGAL perfírase actualmente como un destino turístico de primeira orde, un lugar de calidade e tranquilidade, cunha natureza entre o mar e a montaña, e cunhas paisaxes espectaculares, un destino variado, que vai dende praias virxes ata os máis altos cantís da Europa continental.

Estas dúas comarcas contan cun patrimonio histórico de singular atractivo, con camiños milenarios como os que conducen a Santo André de Teixido, ou mesmo a Santiago de Compostela, cunha cultura atlántica, auténtica e moi viva baseada na tradición e nos costumes da terra.

Son comarcas cunha clara vocación mariñeira onde se disfruta dunha gastronomía de alto nivel, e onde a oferta hostaleira goza dun recoñecido prestixio.



FERROL-ORTEGAL
PLAN DE DINAMIZACIÓN DE PRODUCTO TURÍSTICO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo



UNIÃO EUROPEA
Fondo Europeo de
Desarrollo Regional

CAMIÑOS MILENARIOS



FERROL-ORTEGAL
PLAN DE DINAMIZACIÓN DE PRODUCTO TURÍSTICO

CASTROS DE O VAL



Introdución

As comarcas de Ferrol e Ortegal posúen un patrimonio arqueolóxico etnográfico e natural sen parangón, no que sobresaen os castros celtoatlánticos da Idade do Ferro.

Percorrer estes lugares paradisíacos é adentrarse nun mundo de extraordinaria riqueza arqueolóxica e etnográfica nun espazo máxico dos celtas dos promontorios atlánticos europeos. A emoción está servida.

Comenzamos no Castro de Vilasuso, ao pé dun interesante outeiro, un típico hábitat celta da Idade do Ferro de media ladeira cun dobre sistema defensivo. Como tódolos castros galegos, Vilasuso (como o amosa un panel explicativo) ten lenda de seu. A véspera do 1º de Maio unha xigantesca cobra alada con todo o seu corpo cuberto de cunchas sae do castro.

É unha "serpe boiña que nunca fixo mal a ninguén", pero intimidados polo seu fero aspecto os homes a persiguen armados para matala polo outeiro que está fronte ao castro, con restos dun lugar de culto celta e un interesante petroglifo, o único coñecido do Concello de Narón. A serpe fuxe polos Montes de Vilarquinte ata a chamada "Casa do Martuxo", onde tras bailar facendo unha roda, se precipita polo cantil e desaparece entre as ondas do mar.



A Pena Molexa

Pasado o castro unha pista á dereita nos conduce ata a Pena Molexa. A pena e o seu entorno, está entre os lugares máis ricos en lendas de toda Galicia.

"Dis que a fixo unha vella co dedo meniño". Toda lenda ten o seu fondo de veracidade e a Pena Molexa, así chamada polo aspecto de molexa de ave que ten, lonxe de deberse ao capricho da natureza foi encabalgada de propósito seguramente na Idade do Bronce e orientada ao lugar polo que saen no ano metónico o sol e a lúa.

Outra lenda conta que por San Xoán na procura dun marido merecente, A Moura, un ser élfico, se lle aparece peiteando cun peite de ouro os seus loiros cabelos aos mozos que terán que escoller entre ela e un fabuloso tesouro. Poucos superan a proba encuberta. Outra lenda dí que a pena é un rei que non pasou a proba cos seus homes convertidos en pedra.



A Pena Lopesa

O pequeno camiño que pasando pola Pena Molexa vai dende o castro de Vilasuso á Pena Lopesa é un dos tramos máis fermosos e interesantes do itinerario ata Santo André de Teixido, a grandiosa natureza virxe, dominante sobre o Océano Atlántico e o Val de Trasancos, inundando tódolos nosos sentidos en pouco máis dun quilómetro o convirte nun lugar único inmutable ao paso dos séculos. Xa a vista do Océano Atlántico, deixando a esquerda unha mámoa cun enorme furado de violación feito hai moitos séculos polos buscadores do "ouro dos mouros" emprendemos a baixada ao cantil para contemplar a impresionante Pena Lopesa: os restos dun castro convertido case nunha illa polo mar.

A lenda conta que na Pena Lopesa está un castelo dun rei mouro (os mouros son seres míticos leucodermos do imaxinario celtoatlántico) que custodia un enorme tesouro. Cando o rei vai cazar aos montes de Vilarquinte tende unha ponte levadiza dende a Pena Lopesa e vira as ferraduras do seu cabalo para despistar aos ladróns. Diciase na Idade Media que na Pena Lopesa estaban as ruínas do castelo do cabaleiro Lopo de Lago que foi abaixado tras matar á súa muller por infundadas envexas.

